

## Eu Son Fillo Das Estrelas

*Eu son fillo das estrelas  
xunto do ceo fun criado  
perdíme na noite escura  
fun no teu peito alcontrado.*

**Adiviña adiviñanza!**

Eu son fillo das estrelas  
estrelas de ceo e mar  
as veas teño na terra  
ríos de seiva no chán.

**Adiviña adiviñanza!**

Xunto do ceo fun criado  
imerso na claridá  
non tiña vela nin remos  
e naveguéi polo ár.

**Adiviña adiviñanza!**

Perdíme na noite escura  
gostéi do sabor amargo  
toquéi a risa do vento  
choréi coa choiva de maio.

**Adiviña adiviñanza!**

Fun no teu peito alcontrado  
pantasma do meu ollar  
niño quente das ausencias  
lonxe sofrer do meu lar.

**Adiviña adiviñanza!**

Quén son quén fun quén seréi?  
pergunta que tí me fas  
resposta que eu che daréi:

*Eu son fillo das estrelas  
xunto do ceo fun criado  
perdíme na noite escura  
fun no teu peito alcontrado.*

rubia barcia  
4/1/72